


FÁBRICA INTELIXENTE

Axudas a proxectos de I+D+i estratéxicos aliñados coa Industria 4.0



XUNTA DE GALICIA



DESCRIPCIÓN/OBXECTIVOS



Axudas a grandes proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico para o tecido industrial galego aliñados coas tendencias internacionais da fábrica do futuro, fábrica intelixente e da Industria 4.0 e coa RIS3 de Galicia.

INTENSIDADE DA AXUDA



Dependendo do tipo de empresa e tipo de proxecto a intensidade vai dende un 15% a un 80%.

BENEFICIARIOS



Empresas industriais cun establecemento permanente legalmente constituído en Galicia, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico. Atendendo ao seu tamaño poden ser pequenas, medianas e grandes.

Agrupacións dunha empresa ou empresas e un organismo de investigación e difusión que realicen proxectos en cooperación.

MÁIS DATOS



Data de publicación no DOG:

8 de febreiro de 2019

Prazo de presentación de solicitudes:

Primeira edición: 8 de marzo

Segunda edición: desde o día seguinte á publicación da resolución de concesión da primeira edición no DOG ata o 31/07/2019.

Presentación solicitudes:

<https://sede.xunta.gal>

Organismo xestor:

Axencia Galega de Innovación

Tipo de apoio:

Subvencións a fondo perdido

Código do procedemento:

IN854A

MÁIS INFORMACIÓN



<http://gain.xunta.gal>

axudas.gain@xunta.gal

981 95 73 03

981 95 78 72

881 99 93 55

Axencia Galega de

Innovación (GAIN)

Rúa Airas Nunes s/n. 15702

Santiago de Compostela



Deberán ser proxectos empresariais de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación en materia de organización e procesos, cun orzamento subvencionable mínimo de 2.000.000 de euros e un máximo de 10.000.000 de euros. Poderán ser proxectos individuais dunha empresa ou en cooperación.

A data de inicio do proxecto debe ser posterior á da presentación da solicitude da subvención.

A duración mínima dos proxectos será de tres anualidades e a máxima estenderase ata o 30 de xuño de 2022.

Actividades subvencionables:

- A investigación industrial
- O desenvolvemento experimental
- A innovación en materia de organización e procesos.

Gastos subvencionables:

Custos directos: aqueles que están directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada e cuxo nexa con esta actividade poida demostrarse. Considéranse custes directos:

- **Custo de persoal**
- **Custo de equipamento e material instrumental** de nova adquisición
- **Materiais, subministracións e produtos similares**
- **Adquisición de patentes**
- **Servizos tecnolóxicos externos**
- **Subcontratacións**
- **Outros custos:** o custo derivado do informe realizado polo auditor respecto ao proxecto que se require para a súa xustificación

Custos indirectos: aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada pero que resultan necesarios para a súa realización: xestión administrativa e contable, gastos de supervisión e control de calidade; subministracións tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono; seguros, seguridade ou gastos de limpeza. Os custos indirectos corresponderanse co importe resultante de aplicar unha porcentaxe de ata o 10% aos custos de persoal imputados ás actividades do proxecto.



CONTÍA DA AXUDA E PAGAMENTO

A contía máxima da axuda determinarase sobre o investimento conforme os límites de intensidade previstos nos artigos 25 e 29 do Regulamento (UE) 651/2014, de acordo coa seguinte táboa:

CATEGORÍA PREDOMINANTE DO PROXECTO / DA PARTICIPACIÓN DUN MEMBRO DA AGRUPACIÓN NO CASO DE PROXECTOS EN COOPERACIÓN	PEQUENA EMPRESA	MEDIANA EMPRESA	GRANDE EMPRESA
Investigación industrial	70%	60%	50%
Desenvolvemento experimental	45%	35%	25%
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas dun mesmo grupo empresarial e un organismo de investigación e difusión, tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	80%	75%	65%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas dun mesmo grupo empresarial e un organismo de investigación e difusión, tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	50%	40%
Innovación en materia de procesos e organización	50%	50%	15%



OUTRAS ESPECIFICACIÓNS

Axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.